



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# **PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

*(Segundo Decreto 229/2011 de 7 de decembro)*

**CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ  
COVELO**

## INDICE

1.XUSTIFICACIÓN.....	3
1.1.Introducción.....	3
1.2.-Marco Normativo .....	4
1.3.-Características do contorno e o alumnado.....	5
2.-IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.....	6
B) REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE CICLO.....	6
C) REUNIÓN DE TITORES E ESPECIALISTAS .....	7
D) INFORMES PSICOPEDAGÓXICOS.....	7
E) SERVIZOS SOCIAIS E OUTRAS INSTITUCIÓN DO ENTORNO.....	7
3.-DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.....	7
4.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓN E MEDIDAS/E OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....	8
4.1 Medidas Ordinarias:.....	8
4.1.1.Adecuación da estrutura organizativa do centro(horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.....	8
4.1.2 Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.....	8
4.1.3 Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e nos grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.....	8
4.1.4 Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.....	8
4.1.5 Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. ....	9
4.1.6 Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. ....	9
4.1.7 Programas de enriquecemento curricular.....	9
4.1.8 Programas de Habilidades sociais.....	10
4.2.Medidas Extraordinarias:.....	10
4.2.1 Adaptacións Curriculares.....	10
4.2.3 Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.....	12
4.2.4 Flexibilización do período de escolarización.....	12
4.2.5 Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para a asistencia continuada a un centro.....	13
4.2.6 Grupos de Adquisición de linguas.....	14
4.2.7 Grupos de Adaptación da Competencia Curricular.....	14
5.-DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS .....	15
6.-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO .....	17
7.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS E DE ADSCRICIÓN.....	20
8.-CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS/NAIS E TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS Ó CENTRO .....	20
9.-PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS .....	21
10.-PROCESOS DE SEGUIMENTO/AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	22

# 1. XUSTIFICACIÓN

## 1.1. Introducción

A diversidade é unha realidade social, e polo tanto unha *REALIDADE EDUCATIVA*, en cada centro educativo. Esta realidade vén derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno/a, de cada mestre, de cada familia, e tamén das peculiaridades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada alumno/a, nos recursos, nas medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúe ó máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Para facer posible isto debemos ter en conta, seguindo o **Decreto 229/2011** de 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia, que:

1. A atención á diversidade rexerese polos principios de **normalización e inclusión; equidade, igualdade** de oportunidades e non discriminación; **flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía** dos centros docentes e **participación** de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. As decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos contemplarán a atención á diversidade.
4. As accións **preventivas** e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter **ordinario** e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque **multidisciplinar** e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores/as legais do alumnado recibirán, de forma **individualizada**, a necesaria información e asesoramento respecto

*das características e necesidades do alumnado, así como das medidas a adoptar para a súa atención nos centros educativos.*

8. *A formación, a **innovación** e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións a promover para a mellora continuada da calidade educativa*

A adecuada resposta a esta diversidade esixe un Proxecto de Centro compartido por toda a Comunidade Educativa a nivel metodolóxico, conceptual, organizativo... e será necesario tamén unha planificación concreta das medidas educativas destinadas á atención á diversidade, é dicir, un Plan de Atención á Diversidade.

## **1.2.-Marco Normativo**

Desde o punto de vista normativo, existe unha ampla gama de disposicións que xustifican e regulan na actualidade os principios e criterios, así como as principais medidas que poden tomarse nos distintos niveis organizativos e curriculares do centro en materia de atención á diversidade do alumnado.

Destacamos o seguinte marco legal:

- **La Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa
- **Lei Orgánica 2/2006 do 3 de Maio de Educación**
- **Decreto 120/1998** que regula a orientación educativa e profesional na na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Orde do 24 de Xullo de 1998**, que establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011** do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- **Orde do 27 de Decembro de 2002**, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con n.e.e.
- **Orde do 31 de Outubro de 1996**, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- **Orde do 6 de Outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- **Orde do 20 de Febreiro de 2004**, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

- **Real Decreto 943/2003**, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente.
- **LEI 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.**
- **Circular 18/2007** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

### **1.3.-Características do contorno e o alumnado.**

O Centro atópase no concello de Covelo que abrangue tódalas localidades do mesmo ademais das parroquias de Lougares, Couto, pertencentes a o Concello de Mondariz.

Trátase dunha zona rural non demasiado desenrolada industrialmente e economicamente. A maioría da poboación adícase á agricultura e a gandaría, sendo os seus principais ingresos económicos os que perciben das labores do campo. Trátase, en xeral, dunha poboación obreira sendo a súa renda per cápita baixa. A falta de industria motiva que moita xente emigre ben ao estranxeiro, ben a outras poboacións, polo que unha boa parte do alumnado viven en ambientes familiares non convencionais. Nos últimos anos vense observando un retorno progresivo de poboación que repercute nun incremento de matrícula.

A maioría dos alumnos/as, agás excepcións, asisten regularmente ao Centro. Presentan os seguintes rasgos ou características:

- Proceden de familias cun nivel cultural medio-baixo
- O seu poder económico é medio-baixo.
- Un porcentaxe relevante, presenta carencia de interese polo proceso de ensino-aprendizaxe, aínda que debemos subliñar que nos últimos anos estanse producindo avances significativos, en parte polas medidas que se están introducindo a través dos diferentes programas do centro. Nas últimas avaliacións de diagnóstico o nivel do centro atópase un pouco por debaixo da media galega.

Resulta en ocasións difícil motivar aos alumnos/as, xa que existe, unha certa porcentaxe do alumnado cunha carencia de interese por aprender. Desde un punto de vista afectivo, unha porcentaxe significativa procede dun ambiente familiar que presente algún tipo de carencia. O interese das familias, polo rendemento académico dos seus fillos/as, é xeralmente baixo.

A nivel xeral as principais dificultades que nos atopamos no noso centro están relacionadas cos hábitos de traballo así como dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas. Poderíase dicir que existe unha relación directa entre estes dous factores sendo o principal foco de traballo ao longo do presente curso.

Neste apartado temos que destacar as contínuas fluctuación de alumnos que precisan axuda dun xeito intermite ao longo da súa permanencia no centro.

A actuación sobre estas dificultades terá un carácter preventivo e integrador traballándose de xeito conxunto e progresivo. Para levar a cabo esta atención será preciso contar coa participación de todo o profesorado, o cal deberá establecer unha liña de traballo común que permita a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe e permita asentir unhas bases sólidas para diminuír as dificultades que atopamos no centro a nivel xeral.

## **2.-IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES**

A recollida de información necesaria para a identificación do alumnado con necesidades educativas de apoio ou reforzo, así como doutras medidas de atención á diversidade recollidas neste plan, farase a través de

### **A) SESIÓNS DE AVALIACIÓN**

- **AVALIACIÓN INICIAL:** Ao comezo do curso escolar realizarase a avaliación inicial en cada un dos cursos de nas que se recollerá información sobre:
  - a. Nivel de competencia curricular
  - b. Integración no grupo-clase e no centro
  - c. Axustes das medidas educativas propostas inicialmente
  - d. Aspectos organizativos de aula
- Realizaranse tres sesións de avaliación coincidindo cos tres trimestres do curso: primeira, segunda e terceira avaliación que coincidirá coa avaliación ordinaria. En setembro realizarase unha sesión de avaliación extraordinaria na ESO e no Bacharelato.

### **B) REUNIÓNS DE COORDINACIÓN DE CICLO**

Realizaranse mensualmente reunións dos titores nos que estará presente a xefa do departamento de orientación., a mestra espécialista en A.L. e a mestra espécialista en P.T.

Nestas reunións farase o seguimento do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e da evolución académica do alumnado.

### **C) REUNIÓN DE TITORES E ESPECIALISTAS**

Ademais das preceptivas xuntas de avaliación realizaranse sempre que se considere necesario para unha mellor coordinación do profesorado do grupo.

### **D) INFORMES PSICOPEDAGÓXICOS**

Revisións dos Informes psicopedagóxicos previos .

Nos casos que se considere oportuno o departamento de orientación en colaboración co profesorado realizará as avaliacións psicopedagóxicas e informes pertinentes.

### **E) SERVIZOS SOCIAIS E OUTRAS INSTITUCIÓN DO ENTORNO**

Coordinación e seguimento dos casos que o requiran cos Servizos Sociais do concello, Centro de Saúde e outras institucións ou asociacións.

## **3.-DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS**

Os obxectivos deste Plan de Atención á Diversidade ( de agora en diante PAD) inspíranse nos principios contemplados na LOE, no Título Preliminar, Capítulo I:

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

#### **OBXECTIVOS:**

1. Dar respostas educativas, organizativas e curriculares, adaptadas ás diversas características individuais que presenta o alumnado referidas a capacidades, motivacións, intereses, estilos ou ritmos de aprendizaxe.
2. Recoñecer e respectar as peculiaridades e necesidades do alumnado, no convencemento de que estas son diversas e esixen unha resposta personalizada.
3. Previr, detectar e avaliar as necesidades educativas do alumnado do centro derivadas dos distintos factores que causan a diversidade de condicións persoais, dispoñendo os instrumentos e estratexias máis adecuadas: avaliación ordinaria e a avaliación psicopedagóxica, se fora

- necesaria, e propoñer, no seu caso, as medidas educativas ou a modalidade de escolarización máis adecuada a través do dictamen de escolarización.
4. Previr o abandono do sistema educativo, a inadaptación ou fracaso escolar.
  5. Asesorar ao alumnado, profesorado e familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe para garantir unha resposta educativa personalizada e especializada.
  6. Prestar os reforzos e apoios especializados a aquel alumnado que o requira.

## **4.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS/E OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

### **4.1 Medidas Ordinarias:**

#### **4.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.**

É evidente, que o desenvolvemento destas medidas e programas engade complexidade ás dinámicas de coordinación entre profesorado e outros profesionais e directivos no centro, no que se refire ás decisións referidas á asignación de alumnos a elas e ás relativas ó currículo e adaptacións curriculares a levar a cabo. Pero tamén se acrecenta a necesidade de coordinación no que respecta ó traballo cotián cos alumnos nas aulas, pois aqueles quedan organizados en grupos, no que será imprescindible o traballo coordinado entre os docentes así como cos profesionais do departamento de orientación.

#### **4.1.2 Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.**

Entre os requisitos que deben cumprir as programacións didácticas deberán ter en conta as características de todos os alumnos ós que va dirixida (nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe; necesidades educativas especiais existentes, motivacións e intereses dos alumnos, etc.); tamén deberá tener en conta as características individuais e os recursos materiais cos que se dispón e ser flexible, é dicir, que permita a creatividade así como a retroalimentación da mesma.

#### **4.1.3 Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e nos grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

#### **4.1.4 Adaptación dos tempos e instrumentos ou**



## **procedementos de avaliación.**

### **4.1.5 Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.**

O centro dispón dunha aula de atención educativa e convivencia para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase.

Nesta aula, baixo a responsabilidade do profesorado de garda, o alumnado realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso que proceda. Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado á aula de atención educativa e convivencia sen actividade ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que debe realizar, corrixilas e avalialas.

Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido a esta aula será informado segundo o Protocolo de Funcionamento da Aula de Convivencia. (ver documento)

### **4.1.6 Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**

O reforzo educativo é unha medida que afecta a elementos non prescritivos do currículo; é dicir a todo o que conforma a opción metodolóxica de cada profesor.

O Reforzo Educativo (seguindo as directrices da Orde do 6 de outubro de 1995; pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral), centrarase no desenvolvemento das capacidades cognitivas (Atención, concentración, comprensión e memoria).

Na medida en que a organización do centro o permita encanto a organización de horarios nos Departamentos os profesores con dispoñibilidade horaria levarána a cabo Reforzo educativo.

### **4.1.7 Programas de enriquecemento curricular.**

No caso de que no centro se atope escolarizado alumnado con altas capacidades pódense deseñar programas de enriquecemento curricular ;isto implica que, ademais de tomar as medidas individuais oportunas para os alumnos con altas capacidades xeralizadas, se diseñen, para os alumnos con maior capacidade, actividades específicas que poidan realizar integrados no seu grupo-clase. Con estes programas o que se pretende é estimular a creatividade do alumnado participante mediante, o uso dos recursos intelectuais máis destacados dentro do seu perfil, sen perder de vista, o seu axuste socio-emocional.

#### 4.1.8 Programas de Habilidades sociais.

O **Programa de Habilidades Sociais** desenvolverase a través da acción tutorial e do Plan de Convivencia que ten como obxectivo principal o desenvolvemento por parte do alumnado dunha conduta social competente que conleve unhas relacións interpersoais máis efectivas.

### 4.2. Medidas Extraordinarias:

#### 4.2.1 Adaptacións Curriculares.

##### DEFINICIÓN

1. Modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os **obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación**, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.
2. O referente serán os obxectivos xerais de etapa. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno ou alumna obxecto de adaptación curricular.
3. Decidirase a conveniencia da ACI unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.
4. A elaboración e desenvolvemento da adaptación curricular levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

##### CONDICIÓN

As adaptacións curriculares precisarán autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán:

- a) Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados ou mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados ou mesmo suprimidos.
- b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns non poden seguir o proceso ordinario de ensino e aprendizaxe.
- c) O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno ou alumna coa colaboración do Departamento Didáctico, o Departamento de Orientación ou calquera outro profesional que participe na atención ao alumno ou alumna.
- d) O seu desenvolvemento realizarase integrado na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

## **PROCESO DE ELABORACIÓN**

1. Solicitude por escrito por parte do titor/a dirixida ó Departamento de Orientación. (VER ANEXO)
2. Avaliación Psicopedagóxica.
  1. Reunión coordinada pola xefatura de estudos á que asistirán o titor ou titora, o profesorado que imparte as áreas ou materias obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que se é o caso deberán ser modificados.
  2. Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas.
  3. O Documento de Adaptación curricular elaborarase de acordo co modelo facilitado pola inspección educativa. (VER ANEXO).
  4. Os pais/nais ou titores legais, mostrarán por escrito o seu acordo ou desacordo con esta medida .( VER ANEXO)

## **SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN**

A dirección do centro enviará a proposta de adaptación curricular ao correspondente servizo provincial de inspección.

## **REXISTRO**

A avaliación psicopedagóxica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo de inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.

Se os pais solicitan unha copia de dita Adaptación, han de facelo por escrito e segundo o modelo establecido para tal fin .(VER ANEXO)

## **AVALIACIÓN**

- 1.A avaliación do alumno/a que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela, sen prexuício de que para efectos de promoción o referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente.
- 2.A adaptación reflectirase como AC no expediente académico, no informe aos pais ou responsables legais e no libro de escolaridade.
3. Revisarase a AC periodicamente e polo menos unha vez ao remate do curso.

## **PROMOCIÓN**

Ao finalizar o curso para o que se realiza a adaptación curricular, o titor ou titora, xunto co profesorado que impartira as áreas ou materias obxecto da adaptación, oídos os pais ou responsables legais do alumno ou alumna,

determinarán a pertinencia da promoción de curso, a necesidade dalgunha adaptación curricular no curso seguinte e, de ser o caso, as liñas xerais da mesma.

#### **4.2.3 Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.**

O artigo 7º da **Orde do 24 de xullo de 1998** establece as funcións do profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e en Audición e linguaxe ten as seguintes funcións:

1. Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
2. Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á E.S.O., cando cumpra, e naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades educativas especiais.
3. Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
4. Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

O centro conta con aula de Pedagogía Terapéutica e chuna aula de Audición e Linguaxe para unha mellor atención individualizada do alumnado con dificultades de aprendizaxe que requira atención destas especialistas.

Cando un alumno/a necesite o apoio dalgun dos mestres/as especialistas anteriormente citados, o titor/a fará unha solicitude por escrito, dirixida ó Departamento de Orientación (VER ANEXO).

Cando o apoio destes especialistas se faga fóra da aula ordinaria, será o propio especialista o que vaia recoller ao alumno/os á súa aula, nos cursos de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria ( e no seu caso Educación Infantil); para os cursos de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, os alumnos poderán acudir eles sós ás aulas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, sempre e cando o alumno/a sexa o suficientemente responsable como para facelo dun modo adecuado e respetuoso e non presente problemas de conducta que lle condicionen estes desprazamentos polo centro.

Todas as modificacións nos horarios dos mestres/as especialistas en Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, han de ser supervisados polo Departamento de Orientación e comunicados por escrito á Xefatura de Estudos .

#### **4.2.4 Flexibilización do período de escolarización**

O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización nas diferentes etapas do

ensino non universitario, para o que será necesaria a autorización desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para tal fin, será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas previstas para a atención das necesidades específicas do alumno.

En Educación Infantil: poderase permanecer excepcionalmente un ano

A dirección do centro presentará a oportuna solicitude na correspondente delegación provincial. Esta acompañarase da seguinte documentación:

- Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ó que este estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor titor
- Conformidade expresa dos pais ou tutores legais do alumno.
- Fotocopia compulsada do libro de escolaridade ou de cualificacións, se procede, ou certificación académica;
- Proposta de adaptación do currículo segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996.
- A citada solicitude remitirase, xunto co informe da inspección educativa, á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.

#### **4.2.5 Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para a asistencia continuada a un centro.**

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalguna das seguintes situacións:

*a) Longa hospitalización: máis de trinta días.*

*b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.*

*c) Corta hospitalización: menos de quince días.*

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado e que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

#### **4.2.6 Grupos de Adquisición de linguas.**

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.

. O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autoriza-la ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno incorporárase plenamente ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas.

##### 1. Aprendizaxe da lingua

Se o alumno descoñece o galego e o castelán, garantírase a aprendizaxe do idioma tanto con fins comunicativos como de acceso ao currículo.

Será o profesorado de apoio e o profesorado de linguas o que se ocupe desta aprendizaxe.

Ao principio, a aprendizaxe das linguas realizarase fóra da aula ordinaria (o horario semanal máximo será de 24 períodos lectivos).

Este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno/a vaia progresando no dominio da lingua vehicular de aprendizaxe.

Coa finalidade de facilitar a súa integración escolar e social, o alumnado permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, tecnoloxía, música e educación plástica e visual, así como no período de tutoría.

##### 2. Introducción da lingua estranxeira

Cos alumnos que descoñecen o idioma galego e o castelán, pódese establecer no primeiro período de intensificación lingüística unha redución ou supresión temporal do idioma estranxeiro para dedicálas á intensificación do aprendizaxe do español.

Unha vez rematada esta fase inicial pode ser conveniente efectuar unha adaptación curricular no idioma estranxeiro para favorecer o acceso aos contidos básicos. Antes de tomar esta decisión deben esgotarse outras medidas de carácter máis xeral e menos específicas.

#### **4.2.7 Grupos de Adaptación da Competencia Curricular.**

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos

flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.

A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó desfase curricular.

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 10 períodos lectivos .

Tendo en conta que a finalidade dos grupos de adaptación da competencia curricular é conseguir que o alumnado poida incorporarse con normalidade ó seu grupo ordinario de referencia, en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular poderá abrangue- la totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide.

## **5.-DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

A atención á diversidade basearase nos **principios** da educación propostos pola LOE no seu artigo nº 1:

1. Calidade da educación para todo ol alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
2. Equidade que garantice a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación
3. A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, la responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidaridade, a tolerancia, a igualdade, ol respeto e a xustiza.
4. A concepción da educación coma unha aprendizaxe permanente.
5. Flexibilidade para adecuar a diversidade intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como ós cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
6. A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

7. O esforzo individual e a motivación do alumnado.
8. O esforzo icompartido por alumnado, familias, profesores, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
9. A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ó Estado, ás Comunidades Autónomas, áss corporacións locais e ós centros educativos.
10. A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento dos centros docentes.
11. A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
12. O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
13. A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación,ol recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.
14. O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
15. A avaliación do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación e organización e nos procesos de ensinanza e aprendizaxe como nos seus resultados.
16. A cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas na definición, aplicación e avaliación das políticas educativas.

A cooperación

17. A cooperación e colaboración das Administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa.

No que respecta á **organización** e distribución dos recursos á hora de aplicar as medidas anteriormente propostas determinaránse as seguintes **prioridades**:

1. *Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.*
2. *Alumnado con dificultades de aprendizaxes.*
3. *Alumnado con risco de fracaso escolar..*

Os **recursos** cos que contamos para levar a cabo este Plan de Atención á diversidade son:

**- Recursos humanos:**



- *Equipo directivo*
- *Equipo docente.*
- *Orientadora*
- *Mestra Especialista en Pedagogía terpeutica*
- *Mestra Especialista en Audición e Linguaxe.*
- *Equipo de Orientación Específico de Pontevedra.*

**- Recursos materiais:**

- *Aula de Pedagogía Terapeutica*
- *Aula de Audición e Linguaxe*
- *Departamento de Orientación*
- *Aula de Convivencia*
- *Aulas Ordinarias.*

## **6.-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓ N ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO**

As funcións dos distintos profesionais en relación ás medidas de atención á diversidade deseñadas no centro son as seguintes:

**– Equipo Directivo:**

- Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro con entorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos.
- Promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste plan.
- Coordinar todo o equipo de profesorado a través da Xefatura de Estudos
- Facilitar e habilitar os recursos humanos e materias dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas.
- Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos cando sexa mester.
- Solicitar da Inspección educativa as autorizacións pertinentes para levar a cabo as Adaptacións Curriculares, os Programas de Diversificación Curricular, os Programas de Cualificación Profesional Inicial etc.

– **Claustro:**

- Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.

– **Titores: e mestres especialistas**

- A avaliación do do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensinanza.
- Realización de informes individualizados naqueles casos nos que sexan precisos

– **Mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe:**

Constitúe o nexo de unión entre o profesorado de aula, alumnado, familias, Orientación e profesionais relevantes na atención á diversidade.

- Atención docente directa a alumnado con N.E.A.E
- Coordinación coa Xefatura de Estudos nas cuestións relacionadas coa educación e permanencia no Centro de alumnado con algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- Colaborar coa CCP na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con N.E.A.E..
- Orientar ao profesorado que imparte docencia ao alumnado con N.E.A.E., ao propio alumnado e ás súas familias.
- Colaborar co profesorado na elaboración das ACS, así coma no seguimento e avaliación.
- Valorar as necesidades educativas e desenvolver programas de intervención.
- Elaborar propostas do PAT.
- Participar no PEC do Centro.
- Atención temperá e prevención de dificultades.
- Participar na avaliación Psicopedagóxica e medidas de atención á diversidade.
- Apoio e asesoramento á Comunidade Educativa.
- Cooperar co EOE en programas de intervención.
- Promover a cooperación entre o Centro e as familias.
- Establecer canles de comunicación con servizos e institucións.

– **Departamento de Orientación.**

- Coordinación co Colexio de Educación Infantil e Primaria adscrito ao Instituto, que inclúe as propostas do Departamento de Orientación do CEIP d Valeixe: Coordinación entre ciclos, colaboración na detección prevención de dificultades, facilitando ao alumnado o tránsito entre ciclos.
- Coordinación co Equipo de Orientación Específico, na detección, prevención e compensación das necesidades educativas especiais.
- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os

documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.

- Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Colaboración na Avaliación Inicial do alumnado . Aplicación dunha batería psicopedagóxica ao alumnado que se incorpora ao CEIP.
- Realización das Avaliacións Psicopedagóxicas necesarias, aportando as orientacións oportunas para dar unha resposta educativa, se é o caso, ás dificultades e necesidades de aprendizaxe presentadas polo alumno/a, colaborando no seu caso no establecemento das directrices e criterios xerais para a elaboración de Adaptacións Curriculares Individuais e colaborando no seu deseño, desenvolvemento e avaliación.
- O seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais que asiste á aula de apoio coa profesora de pedagogía terapéutica farase en coordinación co profesorado de aula, no referente ás áreas instrumentais: linguas e matemáticas. Para este seguimento contamos cun modelo a cubrir co profesorado no que haberá que explicitar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada un dos alumnos/as, que se terán en conta en cada trimestre a efectos de cualificación.
- Colaborar no seguimento, revisión e/ou modificación das medidas educativas.
- Comunicación cos pais e nais dos alumnos e alumnas que presenten necesidades ou dificultades na súa aprendizaxe ou no seu desenvolvemento persoal, para coñecer a súa problemática e o seu contexto sociofamiliar, co fin de adoptar as medidas máis axeitadas, sendo tamén os pais informados das mesmas e asesorados.

#### **- Equipo de orientación específico (EOES)**

Correspóndelles:

- Asesorar e apoiar ao Departamento de Orientación.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica cando sexa preciso.
- Contribuír á formación especializada do Departamento de Orientación e do profesorado no ámbito das necesidades específicas que atenden.

## **7.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS E DE ADSCRICIÓN.**

### Reunións de Coordinación de ciclo

Realizaranse mensualmente reunións dos titores nos que estará presente a xefa do departamento de orientación., a mestra especialista en A.L. e a mestra especialista en P.T.

Nestas reunións farase o seguimento do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e da evolución académica do alumnado.

### Reunión do D.O.

As reunións do DO están previstas para o primeiro martes de mes ás 16:05h. da tarde; a asistencia é obrigatoria. Este horario pode variar en función das necesidades que xurdan ao longo do curso.

### Reunións coa xefa do DO do IES

A orientadora asistirá ás reunións convocadas pola xefa do D.O. do I.E.S. ao que estamos adscritos. Colabórase co D.O. do I.E.S. En tódolos aspectos necesarios, especialmente naqueles que afectan á transición do alumnado do centro á etapa de E.S.O.

### Reunións da Xefa do departamento de Orientación co Equipo Directivo

Realizarase semanalmente unha reunión de coordinación entre a Xefa do Departamento de orientación e os Equipo Directivo.

## **8.-CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS/NAIS E TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS Ó CENTRO**

Ao longo do curso os **titores** levarán a cabo :

- Reunións periódicas coas nais, pais ou representantes legais do alumnado para:

- Recoller información respecto á situación familiar do alumnado, que sexa relevante para o seu rendemento académico: datos de saúde, espazos e horarios de estudo, contorno socio-cultural, actividades extraescolares, etc-
- Proporcionarlles información respecto ao rendemento xeral e por materias dificultades observadas, medidas adoptadas, hábitos de traballo e estudo, actitude, integración e participación, etc.
- Información trimestral dos resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado, cualificacións obtidas e observacións que se consideren oportunas.
- Comunicación das faltas de asistencia mensualmente ou con maior frecuencia nos casos que así o requiran.
- Contactos telefónicos ou entrevista persoal sempre que se considere necesario, por parte do profesorado titor e/ou das familias.

Pola súa parte dende o **Departamento de Orientación** informarase aos pais/nais ou tutores ligais de aquelas medidas de atención á diversidade nas que participe o seu fillo/a e solicitaráselle autorización cando esta sexa necesaria. Así mesmo, tamén se lles materá informados da evolución do alumno con respecto ás mesmas.

### **Equipo de Orientación Especifico**

Solicitaremos a intervención do Equipo de Orientación Especifico de Pontevedra cando sexa preciso asesoramento e/ou intervención en aspectos psicopedagóxicos específicos e /ou cuestións sociais ou mesmo familiares dun alumno cando estas teñan incidencia no ámbito educativo.

## **9.-PROTOSCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

VER DOCUMENTOS ANEXOS:

- **ANEXO 1 e 1.1.** Documento Individual de Adpatación Curricular.
- **ANEXO 2.** Documento opinión dos pais sobre a medida adoptada (ACS)
- **ANEXO 3.e 3.1.** Solicitud de copia de ACS, e entrega por parte do CEIP.
- **ANEXO 4 e 4.1.** Información ás familias sobre apoio de P.T e A.L. e opinión dos pais sobre a medida adoptada.
- **ANEXO 5.** Conformidade dos pais ante a medida de Flexibilización do periodo de adaptación.
- **ANEXO 6.** Solicitud do titor/a sobre apoio de P.T e A.L.

## 10.-PROCESOS DE SEGUIMIENTO/AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Desenvolveremos unha **avaliación inicial, continua e final**. A avaliación inicial será de carácter diagnóstico. A avaliación máis importante, sen dúbida, será a avaliación continua, de índole procesual, analizando aspectos referidos no apartado dos criterios de avaliación e tendo en conta un carácter flexible así como a adecuación do plan a circunstancias que poidan ir xurdindo. Finalmente, a avaliación final terá matices máis cuantitativos e de reflexión acerca das actuacións e sobre os resultados obtidos co plan.

Os **criterios de avaliación** para determinar a calidade do plan, que teremos en conta serán, entre outros, os seguintes:

- Coherencia do Plan coas necesidades do centro.
- Desenvolvemento das competencias básicas.
- Grao de implicación e cooperación dos responsables no desenvolvemento do plan.
- A concordancia entre obxectivos e actividades. O Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- A variedade e innovación de actividades propostas.
- A eficacia metodolóxica. A conciliación da temporalización.
- A adecuación dos recursos humanos, didácticos e espaciais.
- A implicación e o nivel de colaboración e participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- A satisfacción do profesorado e o alumnado.

Ao final de curso, o D.O. realizará unha **memoria** na que se recollerán, polo menos, o seguintes aspectos:

1. Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan e cambio, se procede, na realidade educativa.
2. Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren neste.
3. Conclusións e propostas concretas de mellora.

A memoria será redactada polo xefe do departamento de orientación e incorporárase á Memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia á Memoria anual do Centro

## ANEXO 1



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. Antonio Blanco Rodríguez  
Rúa Lamela nº 6 / Covelo (Pontevedra)  
Teléfono: 886110389 / C.P:36872  
Correo Electrónico: [ceip.antonio.blanco@edu.xunta.es](mailto:ceip.antonio.blanco@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipantonio blanco>



### ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

REMISIÓN A INSPECCIÓN EDUCATIVA  
DATA:

Nova	Ampliación	
Modificación	Renovación	

### DATOS PERSOAIS

- Nome e apelidos:
- Data de nacemento:
- Nivel: Primaria
- Curso:
- Período de tempo para o que se propón a A.C.S.:
- Currículum de referencia:

### DATOS ACADÉMICOS E DO CONTORNO ESCOLAR

- Repeticións: Actualmente repite
- Outras Acs:
- Relación e participación dos distintos servizos educativos (EOE):

### DATOS PEDAGÓXICOS

- Necesidades que presenta:
- Áreas Curriculares adaptadas:

### RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E A SÚA ORGANIZACIÓN

### HORARIOS DE APOIO

### OBSERVACIÓNS:

Segundo a Orde 6/10/95

#### ANEXOS

Acta da xuntanza para a toma de decisións da ACI  
Constancia de información á familia  
Oficio constancia arquivo documentación

**ANEXO 1.1.**

D/Dna:

Titor/a do alumno /a

**EXPOÑO:**

Que segundo os resultados académicos obtidos polo alumno/a e visto o seu historial escolar, no que xa se adoptaron outras medidas de atención á diversidade

**SOLICITO:**

Que por parte do Departamento de Orientación, se inicien os trámites necesarios para elaborarlle ao alumno/a unha Adaptación Curricular Significativa nas áreas de:

Covelo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.....



**ANEXO 2**

D/Dna:

Pai /nai ou titor legal do alumno /a

**FAI CONSTAR:**

Que foi informado, pola xefa do Departamento de Orientación e polo Director do CEIP Antonio Blanco Rodriguez das medidas educativas propostas para a súa filla: **ADAPTACIÓN CURRICULAR**, e que, **MANIFESTA** coa citada medida:

**ACORDO**

**DESACORDO**

Covelo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.....

**ANEXO 3**

**SR.DIRECTOR DO CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ  
COVELO**

D/Dna:

Nai/pai ou titor legal do alumno/a

**SOLICITO:**

Copia do Documento Individual de Adaptación Curricular do meu fillo/a.

Covelo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.....

**ANEXO 3.1**

D/Dna:

Nai/pai ou titor legal do alumno/a

**FAI CONSTAR:**

1. Que pola xefa do Departamento de Orientación do CEIP Antonio Blanco Rodriguez, lle foi entregada copia da Adaptación Curricular Significativa do seu fillo.
2. Que foi informada, pola xefa do Departamento de Orientación e pola Directora da confidencialidade deste documento .
3. Que se fai responsable do mesmo e do uso que se lle poida dar.

Covelo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.....

## INFORMACIÓN Á FAMILIA

Este Departamento de Orientación, xunto co titor/a e o resto do profesorado do seu fillo/a, **detectou a necesidade** de que o alumno/a reciba apoio por parte de:

A mestra especialista en Audición e Linguaxe.

A mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

**Para obter máis información sobre este apoio , pode vostede poñerse en contacto co mestre/a titor/a do seu fillo/a ou ben coa orientadora do centro.**

Covelo,..... de.....de 201

A ORIENTADORA

Asdo.

**ANEXO 4.1**

D/Dna:.....

Pai/nai/titor/a legal do alumno/a:.....

**FAI CONSTAR:**

Que foi informado, das medidas educativas propostas para o seu fillo/a:  
apoio por parte de:

A mestra especialista en Audición e Linguaxe.

A mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

e que,

**MANIFESTA** coa citada medida:

**ACORDO**

**DESACORDO**

Covelo,..... de.....de 201

Asdo.....

D/Dna:.....

Pai /nai do alumno/a.....

**FAI CONSTAR:**

Que foi informado, pola xefa do Departamento de Orientación e polo Director do CEIP Antonio Blanco Rodriguez de que se propón a seguinte medida educativa para o seu fillo/a: **FLEXIBILIZACIÓN DO PERIODO DE ESCOLARIZACIÓN,**

e que, **MANIFESTA con dita medida:**

**CONFORMIDADE**

**DISCONFORMIDADE**

Covelo,..... de.....de 201

Asdo.....

**ANEXO 6**

D/Dna:

Titor/a do alumno /a

**EXPOÑO:**

Que segundo os resultados académicos obtidos polo alumno/a e visto o seu historial escolar, considero que o alumno/a precisa de apoio por parte da mestra especialista en

A mestra especialista en Audición e Linguaxe.

A mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

E por elo

**SOLICITO:**

Que por parte do Departamento de Orientación, se valore ao alumno/a e se decida sobre a adecuación da aplicación de dita medida de atención á diversidade.

Covelo,..... de.....de 201

Asdo.....